



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

O Concello quere recoller fotografías en tamaño carné de persoas de tódalas idades que viven no noso municipio.

Estas fotografías serán utilizadas (sempre que haxa suficientes) para facer un pequeno mosaico que será usado na decoración do Salón de Plenos do Concello, simbolizando así dunha banda a participación de tódolos cidadáns de Outeiro de Rei na vida política municipal e doutra banda, recollendo o compromiso de tódolos compoñentes da corporación municipal de traballar a prol de tódolos veciños e veciñas do Concello de Outeiro de Rei.

Calquera persoa que desexe formar parte desta iniciativa deberá achegar unha fotografía tamaño carné á Casa da Cultura de Outeiro de Rei. O prazo de recollida finaliza o día 22 de outubro de 2007.

Outeiro de Rei, 24 de setembro de 2007.

O Alcalde,